



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE O PINO E A ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DO CPI CAMIÑO DE SANTIAGO.**

Na Casa Consistorial na data de sinaturas, ante min, Angela María Viqueira Allo, titular do DNI número \*\*\*\*661\*\*, como secretaria-interventora do Concello do Pino, que dou fe.

### **COMPARECEN:**

Dunha parte, Manuel Taboada Vigo, titular do DNI número \*\*\*\*435\*\*, como Alcalde deste Concello de O Pino, en nome e representación do mesmo, en execución do acordo de adxudicación adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 24/03/2026.

Doutra parte, Ángela Cajaraville Salgado con DNI núm. \*\*\*4632\*\* en nome e representación da entidade ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DO CPI CAMIÑO DE SANTIAGO.

As partes recoñécense mutuamente competencia para levar a cabo este acto.

### **EXPOÑEN**

Vista a necesidade de subvencionar en atención ao disposto na Base 33ª.- Subvencións nominativas das Bases de Execución do Orzamento anualidade 2026.

Co fin de facerlle fronte aos compromisos asumidos por este concello en virtude de convenios interadministrativos e convenios con entidades privadas sen fin de lucro, con cargo aos créditos orzamentarios do capítulo 4º do estado de gastos outorganse directamente as subvencións ou achegas acordadas, nos prazos establecidos nas cláusulas de cada convenio e tendo en conta os importes que figuran nos mesmos. Recóllense as seguintes subvencións nominativas con cargo a este orzamento:

- ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DO CPI CAMIÑO DE SANTIAGO, que terá un máximo de 8.000,00 euros.

A ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DO CPI CAMIÑO DE SANTIAGO é unha asociación voluntaria sen ánimo de lucro constituída por tempo indefinido que ten por obxecto o desenvolvemento de actividades de tipo formativo, culturais e mais de estudo así como xuntanzas con todos os sectores da comunidade educativa.

Visto que, dentro do Plan Estratéxico de Subvencións deste Plan Estratéxico de Subvencións 2025-2027 do concello de O Pino, aprobado en sesión plenaria ordinaria celebrada o día 30 de decembro de 2024 e publicado no BOP número 8 do martes, 14 de xaneiro de 2025, se establecen no seu artigo 5 as liñas de subvención e os seus obxectivos estratéxicos, nas que están previstas a concesión de subvencións nominativas.

Vista a aprobación definitiva do orzamento xeral 2026 publicado no BOP número 4 do xoves 08 de xaneiro de 2026.

Segundo o artigo 22.2. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia "2. Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións: a) As previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recolleitos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

A efectos do establecido no parágrafo anterior, enténdese por subvención prevista nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado aquela en que polo menos a súa



dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do Orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.”

Segundo o art. 28.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións, establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta Lei. Engadindo, no seu parágrafo 2.º, que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, ou nos das Corporacións Locais, sen prexuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora.

O art. 65 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, ao regular o procedemento de concesión das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos, dispón no seu apartado 1 que a efectos do disposto no art. 22.2 a) LGS, son subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario/a aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

Citando novamente o art. 65 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, ao regular o procedemento de concesión das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos, este dispón no seu apartado 3 que o procedemento para a concesión destas subvencións iniciárase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ao que se imputa a subvención, ou a instancia do/a interesado/a; e terminará coa resolución de concesión ou o convenio.

A subvención que se tramita non pode ser obxecto de publicidade e concorrencia ao tratarse de actividades concretas realizadas por unha única entidade.

A entidade solicitante manifesta non estar incurso en ningunha das situacións que establece o artigo 13.2 da Lei 38/2003 que imposibilitan a obtención da condición de beneficiaria, estando o corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello.

A asociación solicitante manifesta non estar incurso en ningunha das situacións que establece o artigo 31.6 parágrafo terceiro da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Aos efectos do previsto no artigo 31.7 c) parágrafo terceiro da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a entidade declara estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro.

De conformidade co que antecede, o Concello de O Pino e a ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DO CPI CAMIÑO DE SANTIAGO, consideran conveniente colaborar conxuntamente neste proxecto, formalizando esta colaboración a través do presente convenio, que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS:

**Primeira. Obxecto.** No ano 2026 asínase un convenio de colaboración entre o Concello do Pino e a ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DO CPI CAMIÑO DE SANTIAGO, coa finalidade de cooperar cos gastos debidamente xustificadas derivados da actividade propia da



asociación, e que sexan necesarios para levar a cabo os fins que esta teña establecidos nos seus estatutos.

**Segunda.** O importe da subvención de 8.000,00 € (OITO MIL EUROS) destinarase única e exclusivamente ao cofinanciamento das actividades que desenvolve actualmente a asociación.

**Terceira.** O órgano competente para a concesión e aprobación do gasto é a Xunta de Goberno Local.

**Cuarta.** A entidade beneficiaria comprométese a destinar a devandita subvención para realizar a actividade fixada, cumprindo o obxectivo contemplado na cláusula primeira.

### **Quinta. Obrigas das partes.**

O Concello do Pino comprométese a:

- O outorgamento dunha subvención por importe de 8.000,00 € (OITO MIL EUROS) para facer fronte aos custos que supón a implementación da súa programación ao longo do ano 2026.

A ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DO CPI CAMIÑO DE SANTIAGO comprométese a:

- A colaborar co Concello do Pino e máis concretamente coa Concellería de Educación e Cultura na promoción de actividades destinadas a este colectivo ao que van dirixidas, e comprométese a facer constar en toda a publicidade das súas actividades a colaboración do Concello do Pino.

**Sexta. Duración.** O período subvencionable abarcará dende o 1 de xaneiro ata o 1 de decembro de 2026.

Serán causas de resolución anticipada do presente convenio as seguintes:

- O mutuo acordo das partes que o subscriben.
- A entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinan a súa extinción.
- O incumprimento, sempre de carácter esencial, de calquera das súa cláusulas.

**Sétima. Financiamento.** O Concello do Pino comprométese a conceder unha subvención única por importe de 8.000,00 € (OITO MIL EUROS) con cargo á aplicación orzamentaria 334.48000 do Orzamento Xeral do Concello do Pino para o ano 2026.

De conformidade co disposto no artigo 19 Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a subvención será compatible con calquera outra subvención, axuda, ingresos ou recurso concedido para o mesmo obxecto, procedente de calquera administración pública, ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de outros organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia supere o custo da actividade subvencionada.

**Oitava. Procedemento de aprobación do gasto e pago.** O pago da subvención realizarase en dous prazos: un 30% do importe total abonarase no momento da sinatura do convenio, e o 70% restante pagarase unha vez aprobada a conta xustificativa, sen necesidade de constituír garantías, conforme ao disposto no artigo 34 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e ao artigo 31.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia. Quedan exonerados da constitución de garantía ao



atoparse dentro do supostos previstos no artigo 65.4 f) e i) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Novena. Declaracións.** Será condición previa para proceder á sinatura do convenio así como ao pago da subvención a presentación por parte da entidade beneficiaria da declaración de non estar incurso en ningunha das situacións que establece o artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 31.7.c da Lei de subvencións de Galicia, que imposibilitan a obtención da condición de beneficiaria, estando ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello de Pino.

**Décima. Xustificación da subvención.** A efectos de xustificación da subvención concedida, será requisito necesario a presentación da Conta xustificativa segundo modelo normalizado que se adxunta ao presente Convenio nos termos do artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia 9/2007, e que en todo caso deberá conter:

1. Memoria de actuación con indicación das actividades realizadas, asinada pola persoa responsable.

2. Memoria económica xustificativa do custo segundo o Modelo de Conta xustificativa de subvencións, asinada pola persoa responsable, que conterá:

- Relación de todos os gastos realizados no proxecto subvencionado, con identificación da factura, importe e provedor.
- Relación detallada de todos os ingresos con que se financiou a actividade (incluíndo a subvención concedida) con indicación do seu importe e procedencia.
- Declaracións segundo os puntos do modelo establecido e que se acompaña.

3. Certificados de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. (Certificados da AEAT, Consellería de Facenda e da Seguridade Social).

4. Facturas orixinais ou fotocopia compulsada das mesmas, cos requisitos establecidos no R.D. 1496/2003. Como mínimo conterán:

- Núm. de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
- Denominación social, NIF e domicilio de quen expide a factura e do destinatario/a.
- Descrición e data de realización da operación.
- Importe, desagregación do IVE con indicación do tipo aplicable e total. Non se admitirán facturas nas que non se faga constar "IVE engadido".
- Recargas, descontos e retencións aplicables

5. Cando a factura sexa pagada mediante transferencia bancaria deberá achegarse extracto bancario que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario/a.

6. Nas facturas pagadas en efectivo, **deberá acreditarse o seu pago da seguinte forma, indicando:**

- "Pagado" ou "Recibí".
- Data de pago.
- Selo da empresa e sinatura do perceptor do pago, indicando o DNI e nome completo de quen asina.



- o Estampillado onde consta o % subvencionado con cargo a fondos do Concello de O Pino.

7. Xustificar a publicidade do cofinanciamento polo Concello (como mínimo deberase acompañar un documento xustificativo: folleto, cartel, debendo ser obrigatoria a publicidade en redes sociais (dirección url).

8. Reportaxe fotográfica das actuacións realizadas e que foron obxecto da subvención concedida.

9. No caso de gastos imputables á actividade, como nóminas ou porcentaxes de facturas, deberán acompañarse estas de informe onde se certifique a porcentaxe aplicable á actividade.

10. Calquera outra documentación que sexa requirida pola Intervención municipal, en función das características especiais da subvención.

O prazo para a xustificación será de tres meses dende a celebración da actividade/programa subvencionable, ou en caso de contemplarse varias, dende a última celebrada, e en todo caso antes do 1 de decembro de 2026.

O incumprimento do prazo de xustificación dará lugar a inicio de expediente de reintegro.

**Undécima. Natureza e xustificación.** O presente convenio atópase excluído do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público, 9/2017, do 8 de novembro.

A existencia de calquera tipo de discrepancia entre as partes resolveranse conforme ao que a tal efecto se determine polo orde xurisdiccional Contencioso-Administrativo.

E en proba de conformidade co que antecede, as partes firman por duplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data no encabezamento indicados.

O alcalde

O adxudicatario

Manuel Taboada Vigo

Ángela Cajaraville Salgado con DNI  
núm. \*\*\*4632\*\* en nome e  
representación da entidade ASOCIACIÓN  
DE PAIS E NAIS DO CPI CAMIÑO DE  
SANTIAGO, con CIF G15416563.

A secretaria-interventora, que dou fe.

Angela María Viqueira Allo



## MODELO DE CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN OBXECTO DE CONCESIÓN DIRECTA DO CONCELLO DO PINO. EXERCICIO DE 2026

### 1. DATOS DO BENEFICIARIO

Entidade:	
CIF:	Enderezo:
Localidade:	C.P.:
Teléfono:	Correo electrónico <sup>1</sup> :
Presidente:	DNI:
Representante (si é distinto do Presidente):	DNI:
Teléfono persoa contacto:	
Teléfono da entidade:	

### 2. OBXECTO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA E IMPORTE

<b>Obxecto:</b>					
<b>Nº expte:</b>		<b>Importe:</b>		<b>Exercicio:</b>	

### 3.- MEMORIA

#### 3.1 DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS

- Declaro que se cumpriu o obxecto da subvención concedida.
- Declaro que se cumpriron todas as condicións impostas na concesión da subvención.
- Declaro que se realizaron a/as actividade/s ou proxecto que fundamentou a subvención mediante a realización das actuacións contempladas nas facturas presentadas e que se conseguiron acadar os resultados pretendidos e que fundamentaron a axuda concedida.

ACTIVIDADES REALIZADAS	DATA	LUGAR

<sup>1</sup> Obrigatorio nos casos do art. 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro



### **3.2 DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS ACADADOS**

Deberanse describir os resultados obtidos e a incidencia derivada da actividade de fomento (por exemplo: A actividade subvencionada afecta a \_\_\_ rapaces de idades comprendidas entre \_\_\_ e \_\_\_ anos e implica o fomento do ocio e a práctica deportiva. Se compete a nivel \_\_\_\_\_. Obtivéronse os seguintes resultados competitivos: \_\_\_\_\_ etc..)

### **3.3 MEMORIA ECONÓMICA XUSTIFICATIVA DO CUSTO DA ACTIVIDADE/ACTUACIÓN REALIZADA**





Modelo 111 de pago IRPF ou modelo correspondente

Deberá constar o selo de estampado no que se indica a porcentaxe imputable á esta subvención

No caso de xustificación con recibos de seguros, se acompaña:

- Recibo do seguro
- Xustificante bancario de pago
- Copia da póliza

Deberá constar o selo de estampado no que se indica a porcentaxe imputable á esta subvención.

Presento as facturas orixinais ou copias compulsadas xustificativas dos fondos recibidos nas que consta o seguinte texto: "**factura imputada nun \_\_\_% ao Concello de O Pino**" (indicar a porcentaxe que corresponda)

Xustificante/s do pagamento das facturas:

- Cando a factura sexa pagada mediante transferencia bancaria deberá achegarse extracto bancario que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario/a.
- Nas facturas pagadas en efectivo, **deberá acreditarse o seu pago da seguinte forma, indicando:**
  - "Pagado" ou "Recibí".
  - Data de pago.
  - Selo da empresa e sinatura do perceptor do pago, indicando o DNI e nome completo de quen asina.
  - Estampillado onde consta o % subvencionado con cargo a fondos do Concello de O Pino.

Presupostos obrigatorios do artigo 31.3 da Lei Xeral de Subvenciones: cando o gasto subvencionado supera as contías do contrato menor (subministrados e servizos :15.000 + IVE e obras: 40.000 + IVE) (riscar a opción que proceda)

Non procede

Declaro que a entidade solicitou os tres presupostos (acompañar)

Declaración sobre axudas recibidas (riscar a opción que corresponda:)

Declaro que non se recibiu ningunha outra subvención para a mesma finalidade e que polo tanto as facturas xustificativas da subvención non foron utilizadas como xustificación en ningunha outra axuda.



Declaro que se recibiron outras subvencións para a mesma finalidade e que as axudas recibidas no superan o custo da actividade obxecto da presente subvención nominativa:

Descrición	Importe	Entidade outorgante

Acreditación de estar ao corrente coa Facenda Estatal, Autonómica e Seguridade Social (riscar a opción que corresponda)

AUTORIZO ao concello á súa comprobación.

Presento as certificacións de Facenda e da Seguridade Social.

Declaro que non hai débedas co concello de O Pino.

Certificación da conta bancaria (só no caso de que o concello non dispoña da mesma)

Declaro expresamente que se dou publicidade da colaboración/patrocinio do concello na actividade subvencionada: folletos, cartalaría, páxina web, redes sociais, roldas de prensa así como canta información gráfica, escrita e sonora que se realizou por mor do programa ou actividade subvencionada.

Acredítase a publicidade do cofinanciamento polo Concello (como mínimo deberase acompañar un documento xustificativo: folleto, cartel, debendo ser obrigatoria a publicidade en redes sociais (dirección url): \_\_\_\_\_.

Reportaxe fotográfica das actuacións realizadas e que foron obxecto da subvención concedida.

D./Dña \_\_\_\_\_, Secretario/a da entidade \_\_\_\_\_, certifica a veracidade dos datos incluídos na presente Memoria final xustificativa das actividades subvencionadas polo concello de O Pino no exercicio 2026 (Subvención \_\_\_\_\_)

Asdo secretario.

O Pino, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_



# CONCELLO DE O PINO

Identificación Fiscal P1506700B

Tel. 981 511 002 • Fax 981 511 123 • Rúa Concello s/n • 15821 O PINO (A CORUÑA) • [www.concellodeopino.com](http://www.concellodeopino.com)

Sinatura do Presidente/a:

**SR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O PINO**